

O SINDICATO ADVIRTE SOBRE O IMPACTO QUE PODE TER ESTA MEDIDA, SOBRE TODO, EN CERTOS SECTORES DE DIFÍCIL COBERTURA

UGT GALICIA DENUNCIA O IMPACTO DO NOVO REGULAMENTO DE ESTRANXEIRÍA NAS PERSOAS SOLICITANTES DE ASILO

Hai en Galicia hoxe case 70.000 persoas estranxeiras afiliadas á Seguridade Social. As persoas estranxeiras representan o 30% do total das afiliadas ao réxime agrario e o 20% das afiliadas ao réxime do fogar

Redacción.- UGT-Galicia denuncia o impacto do novo regulamento de estranxeiría que entrará en vigor o vindeiro 20 de maio. Un cambio normativo que poderá deixar en situación irregular a un gran número de solicitantes de emprego que só buscan mellorar a súa calidade de vida e á das súas familias. Ante esta situación, UGT-Galicia esixe unha solución urxente para todas aquelas persoas solicitantes de asilo e que poderían perder a habilitación administrativa para traballar.

Os requisitos da Disposición transitoria quinta do regulamento que entrará en vigor o día 20 son tan estritos que só permitirán o acceso a un número moi limitado de persoas solicitantes de protección internacional e van deixar nunha situación de irregularidade para traballar a moitas persoas.

Hai que aclarar que, co actual regulamento, se a solicitude de asilo é denegada o período traballado conta para unha futura solicitude de arraigo. Sen embargo, co novo regulamento, se a solicitude é denegatoria, o tempo pasado dende a solicitude non vai contar para o arraigo, empezando a contar os dous anos necesarios dende o día da denegación. O novo regulamento impide, ademais, explicitamente, o desestímulo da solicitude de asilo.

Por outra banda, o establecemento dun período de seis meses de situación administrativa irregular para iniciar a regularización para as persoas que tiveran unha denegación de asilo antes da entrada en vigor do novo regulamento romperá relacións laborais iniciadas e consolidadas.

A normativa afecta a quenes actualmente están traballando, xa que se ven obrigados a renunciar ao seu expediente de protección ou o recurso presentado. Isto pode chegar a supoñer un gran impacto para determinados sectores. Dende UGT-Galicia explícase que xa se están a recibir chamadas de empresarios preocupados ante esta nova situación que podería supoñer a perda de efectivos cos

que levan meses traballando. Así, esta medida prexudica non só as persoas traballadoras, senón tamén ao tecido produtivo do país.

Dende UGT reiteramos o noso firme compromiso coa defensa dos dereitos das persoas solicitantes de asilo e pedimos ao Goberno responsabilidade e sensibilidade para garantir o dereito ao traballo dos que están a buscar refuxio no noso país. A dignidade e os dereitos humanos deben prevalecer sobre calquera consideración administrativa.

Dos novos empregos creados en Galicia no último ano, case a metade corresponde a persoas estranxeiras

As cifras están aí e destacan a relevancia das persoas migrantes na economía galega, así como no resto do país. Dos novos empregos creados no último ano, de marzo de 2024 a marzo de 2025, o 49% corresponden a persoas estranxeiras. Se entre a poboación xeral creáronse 17.801, deste total, 8.652 eran estranxeiros. É dicir, practicamente a metade do emprego xerado en Galicia está a ser ocupado por persoas estranxeiras. En marzo de 2025, do total de afiliados á Seguridade Social que hai rexistrados, o 6,4% son estranxeiros.

En termos poboacionais, a poboación estranxeira representa en Galicia o 6,3% do total, segundo datos do IGE.

Volvendo aos datos do eido laboral. En marzo de 2025, últimos datos dispoñibles, había en Galicia 69.236 afiliacións á Seguridade Social correspondentes a persoas estranxeiras, o que representa o 6,4% do total. Pero o máis significativo é descender aos réximes, para analizar a onde se está a desviar a ocupación deste sector da poboación e, polo tanto, onde existe unha maior demanda e onde pode haber problemas de cobertura cando entre en vigor o novo regulamento.



Do réxime xeral (que engloba xeral, agrario e fogar), 56.935 ocupados son estranxeiros, 50.856 pertencen ao xeral, 1.801 ao agrario e 4.278 ao réxime especial de empregadas do fogar. En termos porcentuais, sobre o total da poboación afiliada en Galicia aos respectivos réximes, destaca o 29,9% de representación no agrario da poboación estranxeira ou o 19,6% no fogar. Entre os autónomos, cun total de 10.500, representan o 5,2%; e o 10% no réxime do mar, con 1.800 afiliados.

Hostalería, comercio, industria manufacteireira ou construción son as actividades por conta allea que rexistran máis traballadores estranxeiros

E, concretamente, entre as 50.856 persoas que pertencen ao xeral, é dicir, que traballan por conta allea, destacan sectores como a hostalería, con 11.179 traballadores; comercio por xunto ou ao retalho e reparación de vehículos, con 6.643; industria manufacteireira, con 6.351; construción, con 6.234; actividades administrativas ou servizos auxiliares, con 4.357; transporte e almacenamento, con 4.353; ou 3.949 que traballan en actividades sanitarias ou servizos sociais.

Estas cifras dannos unha idea do peso da poboación estranxeira no mercado laboral galego e, sobre todo, en determinados sectores como o agrario, fogar ou, incluso mar, e como endurecer o acceso deste sector da poboación ao mercado de traballo pode traer consigo problemas de coberturas de determinados postos.

O EMPREGO SEGUE CRECENDO, PERO AGORA TOCA REPARTIR MELLOR O TEMPO, A RIQUEZA E O TRABALLO

UGT subliña que negarse a debater a redución da xornada de traballo ou impedir este avance en dereitos laborais é situarse contra a maioría social do país

Redacción.- Os datos publicados este martes polos Ministerios de Traballo e Seguridade Social confirman unha realidade incuestionable: o emprego no noso país segue crescendo, e faino con maior calidade. Abril volveu a ser un mes positivo, impulsado pola Semana Santa, pero tamén pola fortaleza dunha reforma laboral que segue demostrando a súa eficacia estrutural.

A afiliación á Seguridade Social alcanzou cifras récord nun mes de abril, con 1.087.434 persoas ocupadas. Creáronse 8.038 novos empregos en abril, o que supón unha cifra notablemente superior á do mesmo mes de 2024 (6.740). Ademais, o paro rexistrado descende en 3.610 persoas, situándose no seu nivel máis baixo desde 1996.

Este comportamento do mercado laboral non é casual. Responde a un modelo que aposta por estabilidade, dignidade e dereitos.

A calidade do emprego tamén mellora: a taxa de contratación indefinida sitúase no 35,12%, case 24 puntos por enriba da que existía antes da reforma laboral.

Agora ben, a pesar destes datos esperanzadores, non podemos perder de vista que España e Galicia seguen arrastrando un paro estrutural elevado, que afecta aínda a máis de 100.000 persoas e no Estado a 2,5 millóns de persoas. Para lograr a súa redución, é imprescindible abordar unha reforma profunda das políticas activas de emprego, con máis recursos económicos e humanos, e con servizos públicos de emprego capaces de ofrecer orientación personalizada, formación punteira e unha intermediación eficaz.

Igualmente, é urxente protexer o contrato de traballo, reformando o custo do despedimento ilegal ou improcedente, para que sexa xusto e verdadeiramente disuasorio. Tras o fallo do Comité Europeo de Dereitos Sociais, que deu a razón a UGT na súa reclamación contra o actual marco regulatorio de despedimentos inxustificadas, faise inaprazable revisar un sistema que permite cesamentos ilegais demasiado fáciles e baratos e que non protexe adecuadamente ás persoas traballadoras, nin está aliñado cos compromisos internacionais do noso país.

É o momento de profundar nas reformas laborais que tan bos resultados están a dar ao noso país. Por iso, desde UGT reclamamos con urxencia que non se obsta-

culice no Parlamento a tramitación, discusión e debate do proxecto de lei para a redución da xornada laboral sen diminución salarial.

Esta medida non só é esperada por millóns de persoas traballadoras, senón que responde a unha lóxica de xustiza económica. Nun contexto de marxes empresariais crecentes, é necesario unha repartición máis equilibrada da riqueza. A cidadanía, senta nacionalmente como senta e vote o que vote, reclama unha mellora das súas condicións de vida e de traballo. E os grupos parlamentarios non poden manterse á marxe desa esixencia colectiva.

Reducir a xornada máxima legal a 37,5 horas en 2025 é unha medida que xerará máis emprego, mellorará a produtividade e reforzará a cohesión social. Negarse a debater esta lei e impedir este avance en dereitos laborais é situarse contra a maioría social do país. Quen se opoña ao que a xente traballadora está a demandar, terminarán pagando o prezo político e social desa decisión.

É hora de dar un paso adiante. É hora de seguir construíndo unha sociedade máis xusta, máis equilibrada e máis decente. O emprego segue crescendo. Pero agora toca repartir mellor o tempo, a riqueza e o traballo.

Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fixeron públicos o martes, en Galicia o desemprego caeu en 3.610 persoas con respecto ao mes anterior (3,03%), e no Estado esta cifra tamén baixou, un 2,61%. No ano rexistrouse unha contracción do desemprego, baixando en 10.789 persoas, un 8,54% menos. Así, o número total de desempregados sitúase en 115.545 persoas, mínimo histórico en Galicia dende 1996.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego seguiu a mesma tendencia que no resto de idades, baixou no mes nun 8,93%, e no ano a diminución foi dun 7,62%.

Por sexos, no mes o desemprego baixa en ambos, un 3,78% entre os homes e no caso das mulleres nun 2,48%. No ano baixou o desemprego tamén en ambos casos, o 9,07% entre os homes e o 8,16% entre as mulleres. Dende UGT-Galicia alértase de



que, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 58,3% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 67.354 mulleres, fronte a 48.191 homes.

En canto aos sectores, o desemprego no mes baixa en todos. Así, baixa na agricultura e gandería, nun 3,13%; na industria, nun 1,41%; nun 2,83% na construción; en servizos, nun 3,13%; e o 3,95% no colectivo de sen emprego anterior. No ano baixa en todos tamén. Así, diminúe un 13,46% no primario; o 12,11% na industria; o 13,39% na construción; o 7,81% no sector servizos; e o 5,09% entre o colectivo de sen emprego anterior.

O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 35,12%. Realizáronse en abril un total de 51.364 contratos en Galicia. Antes da reforma laboral, no mes de abril de 2021, a porcentaxe de contratación indefinida non superaba o 11,37%.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 71,3%. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 33,2%; na industria, do 28,9%; e no primario, do 63,6%.

En canto á taxa de cobertura, esta sitúase no 67,92% (76,32% no Estado), con 73.258 persoas beneficiarias. Deste total, 31.635 perciben subsidios e 2.273 a Renda Activa de Inserción. O número de prestacións contributivas foi de 39.350. Aída así, a cifra de persoas que dependen de prestacións non contributivas segue a ser elevada, o que amosa as dificultades que atravesan moitas persoas desempregadas a pesar de percibir prestacións por ser estas con contías moi baixas.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.087.434 de media mensual, crescendo o 0,74% no mes e aumentando un 1,79% no ano.

UGT DENUNCIA A FALTA DE RESPOSTA DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN ANTE A PETICIÓN DE DIÁLOGO POLAS CONDICIÓN LABORAIS DO PERSOAL DE SERVIZOS SOCIAIS

Redacción.- UGT Servizos Públicos Ourense denuncia a falta de resposta da Mancomunidad de municipios da Comarca de Verín ante a petición de diálogo sobre as condicións laborais do persoal de servizos sociais.

Esta federación, a través do seu representante do Sector local, solicitou en reiteradas ocasións unha reunión coa Presidencia da devandita entidade para abordar a situación laboral das traballadoras sociais.

Estas solicitudes non recibiron resposta, o que demostra un inadmisíbel desinterese institucional cara o persoal que presta servizos sociais esenciais á cidadanía.

UGT lembra que esta petición amparase no exercicio lexítimo do dereito de petición, respaldado polo artigo 29 da Constitución e desenvolvido pola Lei orgánica 4/2001. Ademais, o Sindi-

cato apunta que o silencio administrativo prolongado pode constituír unha denegación tácita e unha vulneración do dereito á liberdade sindical e de representación colectiva, recollida no artigo 28.1 da Constitución e nos convenios internacionais da OIT ratificados por España.

Por todo isto, UGT Servizos Públicos Ourense esixe que se convoque de xeito inmediato unha reunión. No caso contrario, valorarase a adopción doutro tipo de medidas para denunciar esta actitude obstruccionista que prexudica,



non só ás traballadoras afectadas, senón tamén á calidade dos servizos sociais prestados á poboación.

UGT reitera a súa disposición ao diálogo pero non tolerará a inacción nin a falta de respecto institucional cara os dereitos laborais e sindicais.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO COMERCIO DE ALIMENTACIÓN DE OURENSE IRÁN Á FOLGA O DÍA 16

Denuncian faltan de avances na negociación do convenio

Redacción.- FeSMC UGT Ourense informa que o pasado 8 de maio celebráronse dúas asembleas de traballadores e traballadoras do sector de comercio de alimentación da provincia de Ourense nas que se decidiu ir á folga o vindeiro día 16 para denunciar a falta de avances na negociación do convenio que afecta a máis de 2.000 traballadores e traballadoras.

Nestas asembleas, convocadas por UGT, xunto con CCOO, CIG e USO, existiu unanimidade nesta decisión porque os traballadores e traballadoras do sector reclaman un convenio digno similar aos que hai noutras provincias.

Dende que se abriu o proceso negociador os avances son practicamente inexistentes e dende UGT denúnciase a actitude da patronal do sector.

Na plataforma sindical demándanse salarios de 18.100 euros ao ano para o 2025 e 19.500 para o



2026 pero a patronal rexeita isto, que é de xustiza, e pretende atrasar as subas ata o 27 ou 28. Tamén se nega á integración do grupo IV no III.

Dende FeSMC-UGT insístese en

que os traballadores e traballadoras do sector o único que reclaman son unhas condicións laborais e sociais dignas e que non se pode seguir xogando coa precariedade mentres as empresas do sector acumulan ano tras ano importantes beneficios.

REVOLUCIÓN UXETISTA ESIXE A APROBACIÓN INMEDIATA DO ESTATUTO DAS PERSOAS EN FORMACIÓN PRÁCTICA NON LABORAL NO EIDO DA EMPRESA

Redacción.- Con motivo do Día Internacional do Bolseiro, desde RUGE - Revolución Uxetista e CCOO volvemos alzar a voz para esixir ao Goberno a aprobación inmediata do Estatuto do Bolseiro. Pasaron case dous anos desde que se asinou o acordo entre CCOO, UGT e o Ministerio de Traballo, o 15 de xuño de 2023, e seguimos esperando a súa aprobación no Consello de Ministros e Ministras.

Durante este tempo, dúcias de miles de mozos continúan sendo vítimas dun modelo de prácticas infestado de abusos, que encobre relacións laborais, carece de garantías mínimas e cronifica a precariedade nos primeiros pasos do itinerario profesional da mocidade.

O texto consensuado e aprobado en mesa de diálogo social supón un avance imprescindible para mellorar as condicións dos e as bolseiras, garantir os seus dereitos e reducir a fraude que existe hoxe en día coas prácticas non laborais. Entre os avances que introduce o texto pactado debemos destacar:

- Refórzase o carácter formativo das prácticas. As prácticas deben garantir

unha aprendizaxe real e relacionada co estudado, así como unha tutorización real.

- Refórzase a prohibición de que as prácticas se usen para cubrir postos de traballo. Acabouse usar aos bolseiros/as como man de obra gratuíta.

- Establécese o dereito a unha compensación dos gastos incorridos durante as prácticas como transporte, comida ou aloxamento.

- Outros dereitos básicos como: protección contra o acoso, prevención de riscos laborais ou establecemento dos descansos e os permisos etc.

É un Estatuto necesario para a mocidade estudante, para facilitar o seu acceso ao emprego unha vez terminada a súa formación, pero tamén para as empresas que queiran contar con xente formada. As prácticas son un investimento para as empresas e non un gasto.

Por iso, non pode haber máis escusas.



O Estatuto das Prácticas non Laborais non pode seguir nun caixón mentres miles de mozos e mozas son utilizados como man de obra gratuíta. É preciso a vontade do conxunto do Goberno para que o Estatuto sexa unha realidade.

Desde RUGE – Revolución Uxetista apelamos ao compromiso dos partidos políticos do arco parlamentario, para regular dunha vez por todas unha medida tan necesaria para a inserción laboral das persoas mozas e adaptar a formación ás necesidades das empresas.

A REDUCIÓN DO TEMPO DE TRABALLO EN EUROPA É UNHA FERRAMENTA CLAVE PARA UNHA ECONOMÍA EFICIENTE E O BENESTAR DAS PERSOAS TRABALLADORAS

Redacción.- No marco do terceiro seminario web de 2025 organizado pola European Work-Time Network, Mari Carmen Barrera Chamorro, secretaria de Políticas Europeas de UGT e vicepresidenta do Grupo dos Traballadores do Comité Económico e Social Europeo, participou como relator principal na sesión titulada Working estafe, the efficiency of the economy and the well-being of workers, celebrada o 30 de abril de forma virtual.

Durante a súa intervención, Barrera presentou o ditame recentemente aprobado polo Pleno do CESE, do que é relator, e que aborda de forma rigorosa e comparativa a situación do tempo de traballo nos Estados membros da UE. O documento apoia de maneira firme a redución da xornada laboral sen perda salarial como unha medida esencial para mellorar a saúde laboral, aumentar a produtividade e facilitar a conciliación da vida persoal e profesional, no contexto da dixitalización e a automatización do traballo.

Barrera destacou que traballar menos horas co mesmo salario non só é posible, senón necesario, para afrontar os desafíos actuais do mercado de traballo e avanzar cara un modelo económico máis humano, sostible e eficiente. Así mesmo, subliñou que os interlocutores sociais deben ocupar un lugar central neste proceso de transformación, sendo a negociación colectiva o instrumento clave para adaptar a redución do tempo de traballo ás realidades sectoriais e empresariais.

O ditame recolle tamén evidencias de diversos proxectos piloto desenvolto en países como Alemaña, Islandia ou Portugal, que demostran que xornadas máis curtas contribúen a mellorar a saúde física e mental das persoas traballadoras, reducir os riscos psicosociais, fomentar a igualdade de xénero e atraer talento nun mercado cada vez máis competitivo.

A participación de Barrera neste evento



enmárcase nunha intensa axenda europea para situar a axenda sindical no corazón da transición dixital. Cabe lembrar que o pasado 3 e 4 de abril tamén presentou este mesmo ditame na conferencia de alto nivel Building the Dixital Future in Occupational Safety and Health, organizada pola Presidencia polaca do Consello da Unión Europea en Varsovia. Naquela ocasión, puxo en valor o impacto positivo da redución do tempo de traballo na saúde laboral e a xustiza social, e reiterou a necesidade dun enfoque inclusivo que conte cos interlocutores sociais como garantes dunha transición dixital xusta.

UGT REAFIRMA O SEU COMPROMISO COA UNIÓN EUROPEA COMO MELLOR INSTRUMENTO PARA LOGRAR OS OBXECTIVOS DE ÉXITO SOCIAL, ECONÓMICO E DE PAZ

Redacción.- Hoxe, Día de Europa, cúmprense 75 anos da chamada Declaración de Schuman, a declaración política que marca o nacemento do proxecto do que hoxe coñecemos como Unión Europea (UE) e que propoñía levar a cabo distintas medidas en ámbitos concretos para conseguir unha paz duradeira nun continente devastado pola II Guerra Mundial.

Foron o comercio (de aceiro e carbón) e o control da produción destes dous elementos a primeira das accións que se contemplaban, seguidas da libre circulación de persoas, bens e capitais entre os Estados que se adherisen ao proxecto.

Curiosamente, foi unha cuestión comercial o que este ano marca a celebración do Día de Europa. A guerra arancelaria declarada por Donald Trump, unida ás ameazas expresadas por Vladimir Putin e a unha ultradereita envalentonada no poder en varios gobernos nacionais debuxan o panorama de maior risco para as democracias europeas desde a Declaración de Schuman: a democracia mesma atópase sinalada como obxectivo. E aínda que a lexitimidade democrática de Europa é sólida, o neofascismo intensificou os ataques contra as estruturas e funcionamento da UE, unha táctica que non acaba de esconder os verdadeiros fins: acabar cos valores baseados no Estado de Dereito, liberdades e benestar; contra os dereitos sociais e traballos dignos; contra a igualdade, o libre pensamento e a xusta distribución da riqueza.

A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT), organización sindical histórica e fundadora do movemento sindical unido e organizado, a Confederación Europea de Sindicatos (CES), reafirma hoxe o seu compromiso coa Unión Europea como mellor instrumento para lograr os obxectivos de éxito social, económico e de paz. A defensa da UE de UGT é firme e non por iso exenta de crítica ás políticas neoliberais que marcaron as últimas décadas e que contribuíron a crear o caldo de cultivo propicio para que a ultradereita creza: as cegas políticas de austeridade, a primacía do capital sobre o traballo, a desregulación e a subsidiariedade das políticas sociais ás económicas conseguiron erosionar o sentido de pertenza á UE e profundado na polarización e o desafecto. A reversión destas políticas e as consecuencias que tiveron son cuestións que deben ser urxente-



mente tidas en conta volviendo fomentar o europeísmo como valor a través da educación e a participación xeracional, involucrando á mocidade.

Para UGT, é fundamental avanzar nunha maior integración e fortalecer o proxecto e presenza global da UE, garantindo a súa seguridade alimentaria, enerxética, sanitaria, financeira, industrial, económica, territorial etc., para evitar dependencias que poidan converterse en vulnerabilidades. A Unión non debe abandonar, senón abundar no seu papel de primeiro actor diplomático no mundo a favor dos dereitos humanos. A guerra en Ucraína, o xenocidio en Palestina, os conflitos esquecidos en Iemen ou Siria e a emerxencia climática esixen a máxima atención e dedicación de Europa. E a riqueza cultural, étnica e lingüística, a igualdade, a xustiza social, a liberdade, a paz e a democracia, bandeiras que deben defenderse e polas que a UE debe mobilizar as súas capacidades, promovendo o multilateralismo e unha orde internacional baseada en regras, xustiza e dereitos humanos.

Cúmprese tamén este ano o cuadrexésimo aniversario do ingreso de España na entón Comunidade Económica Europea. Desde entón, producíronse cambios xeopolíticos rápidos e bruscos que nos lembran a importancia da unidade para defender os valores fundacionais nos agora 27 Estados membro que conformamos a UE. Fronte aos discursos de odio e os soños neofascistas, os valores da UE inclúen a dignidade humana, inviolable e base dos dereitos fundamentais, a liberdade, que abarca a libre circulación de persoas e mercadorías, residencia, pensamento, relixión, reunión e expresión; e a democracia representativa, que garante dereitos políticos como

votar e presentarse a eleccións. A igualdade asegura que calquera persoa teña os mesmos dereitos ante a lei, sendo clave no relato político europeo. O Estado de Dereito implica que todas as actividades réxense por tratados democráticos cun poder xudicial independente que defende a xustiza. Finalmente, os dereitos humanos, protexidos pola Carta dos Dereitos Fundamentais, garanten a non discriminación e dereitos como a protección de datos e o acceso á xustiza. Estes, e non a primacía dunha raza, relixión, orientación sexual ou modelo de vida son os verdadeiros valores e riqueza do noso continente.

Desde o sindicalismo internacionalista, que UGT se preza de ter desde a súa fundación hai máis de 135 anos, defendemos a diversidade e opoñémonos a toda forma de intolerancia e violencia. UGT fai hoxe un especial chamamento á sociedade civil, á cidadanía e á clase traballadora para que se mobilice en favor da aceleración da construción política de Europa e o fortalecemento do seu papel no mundo como símbolo de progreso.

UGT mobilízase este venres, 9 de maio, en Bruxelas, xunto coa CES e outras organizacións afiliadas, para dar voz aos valores do movemento sindical europeo e esixindo un trato xusto para as traballadoras e os traballadores, xustiza social, traballos de calidade, igualdade, respecto e unha economía xusta e sostible. De igual forma, UGT convoca xunto a organizacións da sociedade civil a unha concentración o domingo, 11 de maio, ás 12.00 horas na praza do Callao de Madrid, para defender o proxecto europeo, como tamén o fan noutras concentracións e manifestacións que, co mesmo fin, se levan a cabo en todo o Estado esta fin de semana.